

## CURSO 2018/19

### Benvidas familias,

ANPA FONTELA quere darvos a benvida ao CEIP das FONTIÑAS e convidarvos a formar parte desta Asociación. Agardamos que entre todas e todos fagamos un novo curso cheo de alegría, actividades e experiencias positivas coa colaboración das familias para conseguir os obxectivos da Asociación. As familias temos un gran papel na vida cotiá do colexio e a existencia da ANPA ten como único fin organizar entre todas esa participación. Facéndose socias, as familias entran a participar da vida da asociación, co grao de implicación que cada quen guste de ter, desde a presenza nas Asembleas para escoitar e achegar a súa opinión sobre todos os temas que tratemos, ata a dedicación a un tema concreto, a xestión dunha actividade, ou mesmo, se tedes o tempo para facelo, a organización da propia Asociación, colaborando como membro da Directiva, un traballo sinxelo e reconfortante. Agradecemos, enormemente, a vosa participación e apoio en todas as iniciativas.

A ANPA ten representación no Consello Escolar e constitúe una plataforma aberta de participación e reivindicación en todo o relativo ao ámbito educativo. Contamos con representantes en distintas comisións de traballo da Federación de ANPAS COMPOSTELA (<https://federaciondeanpascompostela.wordpress.com/>): **A comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo** que traballa na valoración e mellora da integración no eido socioeducativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

**A comisión de Comedores** como interlocutora entre o Concello de Santiago, como entidade contratante da empresa que presta o servizo de madrugadores e comedor en certos centros educativos do Concello (entre eles o CEIP das Fontiñas), a empresa adxudicataria e as propias familias usuarias dos servizos.

**A comisión de Actividades Extraescolares** que coordina as actividades extraescolares entre os diferentes centros que integran a Federación de ANPAS, co obxectivo de mellorar a capacidade de cadansúa ANPA na procura de novas experiencias e diferentes modalidades de actividades.

**A comisión de Lingua e Cultura** que ten obxectivo de potenciar o uso do galego entre o alumnado do CEIP das Fontiñas organizando diversas actividades culturais en colaboración coa equipa de Dinamización Lingüística do propio centro.

**A comisión de Igualdade** que traballa a prol da coeducación no Ensino Público, visibilizando situacións nas que se debe traballar e mellorar subliñando propostas específicas para que a temática da igualdade e coeducación sexa un constante debate dentro da comunidade educativa.

**A comisión de Obras** que trata de ser outra cara visible nas reivindicacións sobre infraestruturas perante as administracións públicas.

Así mesmo, comentarvos que hai tres anos, desde a Comisión de Lingua e Cultura, lanzouse o blog “**A tropa da Balbina**” (<https://atropadabalbina.wordpress.com>), un espazo aberto a toda a comunidade, onde se publican artigos escritos tanto polo alumnado, como por parte do profesorado e das nais e pais. Así tamén, comunicarvos que se creou un colectivo denominado “**Familias en Rede**” que pretende ser un novo axente dinamizador de propostas creativas e motivadoras, aberto a toda a Comunidade educativa, que se integrou nunha plataforma informática, Edmodo. Para información ou solicitudes de incorporación no colectivo: [familiasenrede@gmail.com](mailto:familiasenrede@gmail.com).

Para poder darvos máis información sobre esta Asociación, sobre as contas anuais, pormenores sobre os servizos e actividades extraescolares para este novo curso ou calquera outra cuestión de interese e preocupación, **convocarase proximamente unha Asemblea Ordinaria**.

Entre as obrigas das socias e socios está a de aceptar os Estatutos e acordos dos órganos da asociación, colaborar no cumprimento dos fins e contribuír economicamente ao sostemento da Asociación co pagamento da cota de asociada/o. Esta **cota de 20 € por familia é anual e única, independentemente do número de fillas/os que estean escolarizadas/os no CEIP**. E, lembre, que aínda que non sexades persoas usuarias de ningún servizo, podedes asociarvos á ANPA pagando esta cota anual.

Para poder atender a calquera consulta ou dúbida podedes marcar un encontro con calquera dos membros da equipa directiva e así poder atendervos no local da ANPA está no edificio de Primaria (xunto ao despacho da Dirección do CEIP). Podedes contactar a través do enderezo electrónico: [anpafontela@gmail.com](mailto:anpafontela@gmail.com), e podedes seguir novas e actividades no blog: <http://anpafontela.wordpress.com/> ou a través das RR SS (Facebook).

#### Servizos organizados desde a ANPA Fontela

- **Ludoteca:** Xestionada pola empresa ACTEX, de luns a venres en horario de 16:30h a 18:30h (as crianzas poden ser recollidas en calquera momento), xa en funcionamento e que remata co curso escolar 2018/19.
- **Actividades extraescolares:** Iníciase en outubro de 2018 e rematan en xuño de 2019.



**FICHA 2: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES – CURSO 2018/19 (OUTUBRO-XUÑO)**

<b>ALUMNO/A:</b>	<b>CURSO</b>	<b>DATA NACEMENTO</b>
<b>Nome e DNI das persoas autorizadas para recoller á/ao alumna/o (deben traer o DNI)</b>		
<b>Observacións de especial interese (alergias, minusvalías, adaptacións necesarias...)</b>		
<b>Teléfono de contacto para as actividades (se é diferente dos indicados na ficha 1)</b>		

Actividade	Idades	Horario	Prezo mensual	Descrición
------------	--------	---------	---------------	------------

<input type="checkbox"/>	<b>PATINAXE ARTÍSTICA</b>	Ed. Infantil e Primaria	Xoves 16:30h – 18:30h	18,00 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os patíns deben de ser de catro rodas paralelas, non son aconsellables patíns en liña.</li> <li>O horario inclúe aprender a quitar e patíns, unha aprendizaxe que forma parte da actividade.</li> <li>Na metade da clase faise un descanso para merendar (deben levar a súa merenda).</li> </ul>
<input type="checkbox"/>	<b>HÓCKEY SOBRE PATÍNS</b>	A partir de 5 anos	Luns 16:30h – 17:30h	10,50 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os patíns deben de ser de catro rodas paralelas, non son aconsellables patíns en liña.</li> <li>Non é preciso mercar paus. Ponos a empresa.</li> </ul>
<input type="checkbox"/>	<b>JUDO 1</b>	Ed. Infantil ata 2ª Primaria	Mércores e venres 16:00h – 17:00h	18,00 €	Recoméndase empregar o kimono. O monitor dará pautas para mercado. Poderase comezar a actividade empregando roupa deportiva.
<input type="checkbox"/>	<b>JUDO 2</b>	A partir de 3ª de Primaria	Martes e xoves 16:00h – 17:00h	18,00 €	
<input type="checkbox"/>	<b>DEPORTES DE RAQUETA</b>	A partir de 5 anos	Martes 17:30 – 18:30h	10,50 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>Iniciación aos seguintes deportes trimestralmente: <b>Tenis/Tenis de mesa/Bádminton</b>.</li> <li>Cada trimestre os/as participantes deben levar ás súas propias raquetas de cada un dos deportes correspondentes. (NOVA ACTIVIDADE 2018-2019)</li> </ul>
<input type="checkbox"/>	<b>DANZA GALEGA</b>	Ed. Infantil e Primaria	Luns 16:30h – 17:30h	10,50 €	Empregar roupa e calzado cómodo.
<input type="checkbox"/>	<b>PANDEIRETA</b>	Ed. Infantil e Primaria	Luns 17:30h – 18:30h	10,50 €	Cada participante levará a súa pandeireta. A monitora asesorará sobre cal é a máis axeitada.
<input type="checkbox"/>	<b>IOGA INFANTIL</b>	Ed. Infantil e Primaria	Martes 17:30h – 18:30h	10,50 €	Empregar roupa e calzado deportivo para realizar a actividade. (NOVA ACTIVIDADE 2018-2019)
<input type="checkbox"/>	<b>CAPOEIRA</b>	Ed. Infantil e Primaria e familiares adultos	Luns 17:30 – 18:30h	<ul style="list-style-type: none"> <li>1 persoa 15 €</li> <li>2 pers mesma familia 25 €</li> <li>3 pers mesma familia 30 €</li> </ul>	Empregar roupa e calzado deportivo.
<input type="checkbox"/>	<b>CIRCO</b>	Ed. Infantil e Primaria	Mércores 17:30h – 18:30h	18,00 €	Empregar roupa e calzado deportivo. Jano Costas (CircoNove) imparte esta actividade circense.
<input type="checkbox"/>	<b>ROBÓTICA 1</b>	Ed. Infantil a partir 4 anos	Mércores 16:30 – 17:30h	18,00 €	No caso de formarse un só grupo será en horario das <b>16:30h a 17:30h</b> . Monitorado da empresa Play Code Academy é o responsable de impartir a actividade.
<input type="checkbox"/>	<b>ROBÓTICA 2</b>	Ed. Primaria	Mércores 17:30 – 18:30h	18,00 €	
<input type="checkbox"/>	<b>INGLÉS COLOQUIAL 1</b>	Ed. Infantil	Martes e xoves 16:30 – 17:30h	18,00 €	Esta actividade ten un enfoque lúdico e fundamentalmente oral. Non é clase de reforzo escolar.
<input type="checkbox"/>	<b>INGLÉS COLOQUIAL 2</b>	Ed. Primaria	Martes e xoves 17:30 – 18:30h	18,00 €	

<input type="checkbox"/>	<b>PORTUGUÉS</b>	Desde 3º curso de Ed. Primaria	Luns e mércores 16:30 - 17:30h	18,00 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Iniciación á aprendizaxe do portugués de maneira lúdica coa vantaxe de xa saber galego!. Brincarase co idioma e servirá de preparación para escoller o Portugués, como 2ª lingua, na etapa de ESO.</li> <li>• Unha mamá da nosa comunidade educativa será a encargada de impartir a actividade.</li> </ul>
<input type="checkbox"/>	<b>FRANCÉS</b>	Desde 4º curso de Ed. Primaria	Luns e mércores 17:30 - 18:30h	18,00 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Iniciación ao idioma francés co fin de facilitar o contacto coa segunda lingua estranxeira para a etapa da ESO.</li> <li>• Entreteranse fundamentalmente coa parte oral do idioma a partir de dinámicas grupais.</li> </ul>

**L U D O T E C A** (indicar se asistiría 1 ou 2 horas ao día)

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>Multideporte</b>	Ed. Infantil e Primaria	Luns 16:30 - 18:30h	10h semana: 50€/mes 9h sem: 46€/mes 8h sem: 42€/mes 7h sem: 40€/mes 6h sem: 35€/mes 5h sem: 25€/mes 4h sem: 23€/mes 3h sem: 20€/mes 2h sem: 14€/mes 1h sem: 10€/mes  Días soltos 2h á tarde: 5€/día  Días soltos 1h á tarde: 3€/día	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As persoas que empreguen días soltos avisarán, preferentemente, antes das 14:00h do mesmo día.</li> <li>• As crianzas poden ser recollidas en calquera momento da franxa horaria de 16:30 a 18:30.</li> <li>• A monitora da ludoteca é Eli, que tamén traballa no noso comedor.</li> <li>• A ludoteca pretende ser un punto de encontro para a diversión e unha posibilidade para a conciliación laboral e familiar.</li> <li>• Os obradoiros de cociña dos mércores consistirán na preparación previa das receitas e traballar conceptos de vida saudable (16:30h a 17:30 h.) e a elaboración das receitas no comedor (17:30h a 18:30h).</li> <li>• Por ser un servizo deficitario, as familias aceptan doar á Federación de ANPAS Compostela o 25% do importe que lles puidera corresponder como reparto das subvencións solicitadas por esta entidade para o desenvolvemento do Servizo de Ludoteca.</li> </ul>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>Artes plásticas, pintura e manualidades</b>	Ed. Infantil e Primaria	Martes 16:30 - 18:30h		
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>Obradoiros de cociña e de vida saudable</b>	Ed. Infantil e Primaria	Mércores 16:30 - 18:30h		
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>Ciencia divertida e obradoiros medioambientais</b>	Ed. Infantil e Primaria	Xoves 16:30 - 18:30h		
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>Cine / Xogamos coa informática (semanas alternas)</b>	Ed. Infantil e Primaria	Venres 16:30 - 18:30h		
<input type="checkbox"/>		<b>Días soltos</b>	Ed. Infantil e Primaria	Calquera día avisando, preferentemente, antes das 14:00 h.		

\*\*\* **Actividades extraescolares noutros centros públicos de Santiago:** como membros da federación de ANPAS Compostela, existe a posibilidade de asistir ás actividades doutros centros públicos de Santiago. Xestiónanse directamente coas ANPAS organizadoras.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, solicitámoslle os seus datos de carácter persoal, que serán tratados coa finalidade de xestionar os datos identificativos dos asociados, promover actividades organizadas pola asociación así como levar a cabo a xestión fiscal, contable e administrativa. Os datos poderán ser cedidos ás empresas coas que a ANPA contrate a xestión das actividades extraescolares e servizos, administración tributaria, a bancos e entidades financeiras para a domiciliación de pagos e á xestería para cumprir coas obrigas fiscais. Os datos proporcionados conservaranse mentres permaneza de alta como asociado, ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa limitación, portabilidade ou supresión cando os datos xa non sexan necesarios. O asinante tamén autoriza o envío por E-Mail de comunicacións informativas e a publicación de imaxes das actividades en redes sociais e páxina web da ANPA

Poderá exercer os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACION, SUPRESION E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido a ANPA FONTELA, Rúa Roma, 21. CP: 15707 de Santiago de Compostela acompañando fotocopia de DNI ou no seu defecto documento que acredite a súa debida identidade .

**A sinatura do presente documento tamén supón a aceptación das condicións nel recollidos así como as indicadas na páxina seguinte (información complementaria)**

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asinado:

## **INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES - CURSO 2018/19**

- **A SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PODE PRESENTARSE ATA O 21 DE SETEMBRO. (PREGAMOS RAPIDEZ NA PRESENTACIÓN PARA PODER CONFIGURAR CANTO ANTES OS GRUPOS).**

Por correo electrónico: [anpafontela.extraescolares@gmail.com](mailto:anpafontela.extraescolares@gmail.com) ou nun sobre a nome da ANPA na conserxería do centro ou na caixa de correo instalada ao lado da porta do local da ANPA.

- Documentación a presentar:
  - As familias que só queiran **asociarse á ANPA** só teñen que presentar cuberta a **FICHA 1.**
  - As familias que queiran **inscribirse en actividades** (independentemente de se se queren asociar á ANPA ou non) deben presentar  **cubertas e asinadas a FICHA 1 (1 páxina) e a FICHA 2 (2 páxinas)**
- **As actividades comezarán o 1 de outubro AGÁS:**
  - **LUDOTECA**, que, tal e como se indicou, xa comezou co curso escolar pola súa finalidade conciliadora.
  - **ROBÓTICA**, ao non existir dispoñibilidade de aula mentres non rematen as obras no CEIP non poderá dar comezo, previsiblemente, ata novembro (confirmarase en función da evolución das obras). Se houber familias con interese en comezar en outubro, poderíanse aproveitar os grupos e horarios nos que se imparte a actividade no CEIP Monte dos Postes.
- Calquera crianza inscrita noutra actividade poderá facer **uso da ludoteca por días soltos** aínda que non teña marcado a casiña.
- **O pagamento destes servizos realizarase por adiantado**, do 1 ao 5 de cada mes, no caso dos inscritos fixos. No caso do uso ocasional dos servizos, facturarase ao final de mes o total dos días utilizados. Os datos que se utilizarán para o cobro serán os indicados no impreso de alta da asociación.
- Para máis información: [anpafontela@gmail.com](mailto:anpafontela@gmail.com) ou no teléfono 691 47 50 60